



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A A. D.
O RIBEIRO PARA A PRÁCTICA E O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA EN
IDADE ESCOLAR**

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2019.

REUNIDOS

D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, no uso das competencias desconcentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Don José Manuel Pérez Otero, presidente da agrupación, actuando na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos estatutos da agrupación.

EXPOÑEN

- I. Conforme ao Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma asume a competencia exclusiva na promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego nesta materia, segundo se establece no artigo 5 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- I. En desenvolvemento desta previsión estatutaria o Parlamento de Galicia ditou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, norma que contempla entre as competencias da Administración Autonómica a de *“promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar”* -art. 5.1.n)-, ámbito deportivo este que se especifica no art. 24 da norma onde, entre outras previsións, se contempla que a *“Administración autonómica fomentará, en colaboración e coordinación coas demais administracións públicas con competencia na materia, coas federacións deportivas galegas, cos clubs, coas agrupacións deportivas escolares e coas demais entidades deportivas, a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar, a través de plans e programas específicos. (...)”*.
- II. No exercicio desta previsión, a Administración Autonómica leva a cabo o programa XOGADE –Xogos Deportivos Galegos en Idade Escolar-, programa que se executa entre os meses de setembro a xuño de cada ano en colaboración coas federacións deportivas e as agrupacións deportivas escolares de Galicia.
- III. O deseño do programa combina o carácter competitivo (tanto escolar como federado) cun programa lúdico e participativo para os escolares dos centros educativos de Galicia, apostando por un modelo orientado á





participación, axustándose desta forma á concepción do deporte e da actividade física promulgada dende o Consello de Europa a través da Carta Europea do Deporte.

- IV. Este carácter do programa facilita a consecución do seu obxectivo principal – obxectivo tamén esencial no conxunto da política deportiva autonómica-, que non é outro que o da promoción da saúde, da condición física e do benestar a través da práctica deportiva e de actividade física, procurando os medios para que todos os escolares galegos poidan ter acceso á práctica de actividades físico-deportivas sen que exista ningún tipo de discriminación.
- V. Para o desenvolvemento do programa as agrupacións deportivas escolares son as responsables das actuacións que, no ámbito escolar de XOGADE, se desenvolven na súa zona territorial de acción, xunto coas accións levadas a cabo polas federacións deportivas e as medidas directamente asumidas pola Secretaría Xeral para o Deporte como son, entre outras, a facilitación do transporte e do seguro deportivo para todos os deportistas de 6 a 16 anos.
- VI. As agrupacións deportivas escolares contéplanse na Lei como *“as asociacións de persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas que, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, se dedican exclusivamente á práctica deportiva en idade escolar”* (art. 49), existindo na Comunidade Autónoma un total de 31 que se distribúen entre as comarcas e concellos de Galicia, segundo consta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- VII. Nesta asignación territorial, a agrupación desenvolve a súa actividade no concello de Ribadavia, realizando actuacións para o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE, sen prexuízo de calquera outra función que desenvolva no marco das súas funcións e competencias estatutarias.
- VIII. Consonante ao descrito, no ámbito da edición do programa XOGADE e dentro do marco de actuación, funcional e territorial, da Agrupación Deportiva Escolar é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscribir o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento de actuacións e actividades deportivas en idade escolar, concretado nas actuacións recollidas neste documento as atribucións que ostenta a Agrupación.
- IX. É evidente pois, que a achega económica da Secretaría Xeral para o Deporte ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá optimizar todas as actuacións que se desenvolvan no obxecto de promover a práctica deportiva e de actividade física, toda vez as súas definitivas achegas a, entre outros, ós ámbitos educativo, formativo, de cohesión social e de saúde pública, o que, sen dúbida, adquire especial relevancia nas idades máis temperás, en consonancia co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, outorga ao deporte (art. 2.2).
- Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos da agrupación e os que constitúen o obxecto do presente convenio.





Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Agrupación acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a agrupación para a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE no concello de Ribadavia.

Segunda.- Descrición do proxecto.

As actuacións que se desenvolven en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

- Organización e desenvolvemento de probas deportivas.
- Organización e desenvolvemento de xornadas lúdicas-deportivas.
- Organización e desenvolvemento de competicións, concentracións deportivas.

Terceira.- Obrigas da Agrupación Deportiva Escolar.

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a agrupación obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións do convenio, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Secretaría Xeral para o Deporte.





- Facer figurar expresamente o financiamento da Secretaría Xeral para o Deporte como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
- Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Secretaría Xeral para o Deporte co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- A agrupación comprométese a xustificar ante a Secretaría Xeral para o Deporte todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.

Doutra banda, a agrupación presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR004A habilitado na Sede Electrónica da Xunta de Galicia :

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.
- Declaración de “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”.
- Declaración responsable de que as persoas vinculadas á agrupación con motivo do desenvolvemento do programa no ano 2019 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á la adolescencia).
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
- Autorización á Secretaría Xeral para o Deporte para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axen-





cia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

Non obstante, a agrupación poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.

- Memoria de actividades desenvoltas durante a vixencia do convenio.

Cuarta.- Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realizaron dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data de sinatura deste convenio.

Os custos tales como axudas de custo, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola agrupación á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor.





O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

Proxecto	Importe
Material deportivo (balóns, equipamentos, etc.)	600 €
Gastos de organización (material de oficina, comunicacións, desprazamentos, persoal de apoio, arbitraje e calquera outro relacionado e directamente imputable á organización da actividade).	3.000 €
Gastos xerais	0 €
TOTAL	3.600 €

Quinta.- Dirección, medios humanos e materiais

A agrupación, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta. En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Sexta.- Orzamento e obrigas da Secretaría Xeral para o Deporte.

A Secretaría Xeral para o Deporte financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de tres mil seiscientos euros (3.600,00 €) con cargo á partida orzamentaria 04.40.441A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

O financiamento por parte da Secretaría Xeral para o Deporte das actuacións obxecto do convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.





Sétima.- Xustificación

A agrupación presentará ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación da subvención. O prazo para presentar a xustificación finaliza o 30 de outubro de 2019 e se presentará a seguinte documentación xustificativa, a través do procedemento PR004A na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Solicitud de pagamento.
- Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Xustificación dos gastos realizados: documento con valor orixinal ou de copia auténtica das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data de sinatura deste convenio.
- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data de sinatura deste convenio. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que tivesen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con él, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.





En todo caso, a Secretaría Xeral para o Deporte resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Oitava.- Pagamento

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con referencia ao establecido no artigo 62.3 do Decreto 11/2009, cómpre establecer que quedan exonerados da constitución da garantía as entidades vinculadas ou dependentes directa ou indirectamente da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co artigo 65º.4.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Novena.- Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Esta minoración da subvención implicará a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe da mesma.

Décima.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a. O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b. Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- c. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.





Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

Décimo primeira.- Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda – Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Décimo terceira - Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, formada por tres representantes da Secretaría Xeral para o Deporte e dous representantes da





agrupación, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, ou persoa na que delegue.

Décimo cuarta .- Publicidade

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Asemade tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen as actuacións.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Décimo sexta.- Modificación da concesión

1.Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.

2.Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos actuacións ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:





a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

3.O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata o 28 de setembro de 2019. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

4.O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo Secretario Xeral para o Deporte logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima .- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Secretaría Xeral para o Deporte.

Décimo oitava .- Interpretación

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Secretaría Xeral para o Deporte ostenta a prerrogativa de interpretalo, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Décimo novena.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexerase por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.





- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

O secretario xeral para o Deporte

O presidente da A. D. O Ribeiro

José Ramón Lete Lasa

José Manuel Pérez Otero





ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO	PR004A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL					NIF		
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	PISO	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
-------------------	------------------	-----------------	-----

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a:	☐ Entidade solicitante	☐ Persoa ou entidade representante
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:		
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

ASUNTO RELACIONADO

EXPÓN

Polo tanto, SOLICITA:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

COMPROBACIÓN DE DATOS

OPÓÑOME Á
CONSULTA





LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 4 de maio de 2017, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.

DESTINATARIO

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de de

DESTINATARIO

Secretaría Xeral para o Deporte





ANEXO II

DOCUMENTACIÓN PREVIA

DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO AO QUE SE LLE SOLICITA	CONCEDIDA	IMPORTE
	☐ SI ☐ NON	
	☐ SI ☐ NON	
	☐ SI ☐ NON	
	☐ SI ☐ NON	
	☐ SI ☐ NON	
	☐ SI ☐ NON	
	☐ SI ☐ NON	

2. Que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Que a entidade non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Que a entidade está ao día no pago de deberes por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Todas as persoas vinculadas á agrupación con motivo do desenvolvemento do programa no ano 2019 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

- NIF da entidade solicitante
- DNI/NIE da persoa representante
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT
- Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- MEMORIA ACTIVIDADES

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data									
	,		de		de				

Secretaría Xeral para o Deporte





ANEXO II

SOLICITUDE DE ANTICIPO

DATOS DA ENTIDADE	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE SOLICITA
O cobro do anticipo por importe de _____ €, equivalente ao ____ % do total do Convenio.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE						
Lugar e data						
	,		de		de	

Secretaría Xeral para o Deporte





ANEXO III

XUSTICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO AO QUE SE LLE SOLICITA	CONCEDIDA		IMPORTE
	☐ SI	☐ NON	
	☐ SI	☐ NON	
	☐ SI	☐ NON	
	☐ SI	☐ NON	
	☐ SI	☐ NON	
	☐ SI	☐ NON	
	☐ SI	☐ NON	
	☐ SI	☐ NON	

2. Que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Que a entidade non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Que a entidade está ao día no pago de deberes por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Todas as persoas vinculadas á Agrupación con motivo do desenvolvemento do programa no ano 2019 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á la adolescencia).
6. No seu caso, as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas coa entidade, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.
- Anexo IV

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

--

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

Secretaría Xeral para o Deporte





Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
Rúa Madrid 2-4, 2º andar
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 348 / 353 - Fax: 881 996 356
secretaria.deporte@xunta.es

